

Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO

Na vila de Vimianzo, ás doce horas do día trece de marzo de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Monserrat Vázquez Miñones
D. José Manuel Perez Trillo
D.^a Carmen Felicidad Borbujo Martínez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Manuel Soto Pérez*
D.^a María Carmen Hermida Tomé

Ausentes:

D. Pablo López Vázquez.

Secretario: D. Rafael José del Barrio Berbel
Interventora: D.^a Eva María Casal Sanjurjo

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

DELIBERACIÓNS

A) Sección resolutive

1. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2012

D. Manuel Antelo Pazos, Alcalde do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2012 no que consta unha relación de 207 facturas do exercicio de 2011 por importe de 188.985,88 euros que non foron aprobadas no correspondente exercicio.

Vistos os informes de secretaría e intervención de data 5/03/2012.

Considerando o disposto nos artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e nos artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Considerando o disposto no artigo 3 do RDLei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se deterniman



Concello de Vimianzo

as obrigas de información e os procedementos para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda de data 9/03/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que con motivo do RDLei 4/2012 para o pago aos provedores establece a data do 15/03/2012 como límite para comunicar ao Ministerio o listaxe das facturas do ano 2011 sen pagar, e a necesidade de aprobar un plan de axuste antes do día 31 de marzo; polo que se decidiu aprobar neste Pleno e pagar de xeito inmediato o máximo de facturas antes do día 15 para evitar un plan de axuste maior ao plan de saneamento económico-financeiro xa aprobado.

O Sr. Alcalde dá a palabra á Sr. Interventora que explica o contido do acordo.

O Sr. Miñones Riveiro, portavoz do grupo PSOE, dí que visto o esforzo da Deputación e os informes de intervención e secretaría favorables van votar a favor porque hai que pagar aos provedores.

O Sr. Soto Pérez, portavoz do grupo Independientes por Vimianzo, dí que van votar a favor xa que están de acordo co RDLei.

A Sra. Borbujo Martínez, portavoz do grupo PP, dí que van votar a favor e agradece o esforzo da Deputación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos recollidos na proposta de alcaldía de data 2/03/2012 correspondentes a facturas do exercicio de 2011 por importe total de 188.985,88 euros.

SEGUNDO.- Aplicar ao vixente orzamento municipal do exercicio de 2012 os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

2. Adxudicación da operación de crédito a longo prazo prevista no orzamento de 2012


Neste punto auséntase a Sra. Rodríguez Ordoñez por ter un interese persoal no asunto.

Vista a providencia de alcaldía de data 10/02/2012 pola que se inicia o expediente para levar a cabo a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 739.484,80 euros para facer fronte ao pago da débeda da casa de cultura recoñecida por sentenza xudicial firme.

Vista a Sentenza do Xulgado nº 4 do Contencioso Administrativo da Coruña de data 3/11/2010 (proced. 254/2008), o Auto de execución provisional do Xulgado nº 4 do Contencioso Administrativo da Coruña de data 4/03/2011 (execución de títulos xudiciais 1/2011), e a sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Coruña de data 14/07/2011 que recoñecen unha débeda da casa de cultura de Vimianzo coa empresa "Manuel Rodríguez Lema, S.L." por importe de 739.484,80 euros.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 13/02/2012 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o informe de intervención de data 14/02/2012.



Concello de Vimianzo

C

O

P

I

A

P

U

B

L

I

C

A

Visto o acordo plenario de data 22/02/2012 polo que se aproba o expediente de concertación dunha operación de crédito a longo prazo prevista no orzamento vixente por importe de 739.484,80 euros para financiar o pago da débeda da casa de cultura recoñecida por sentenza xudicial firme.

Vistas as ofertas presentadas en data 9/03/2012 polas entidades financieras "BBVA" e "Caixabank".

Vista a acta da comisión informativa de facenda de data 12/03/2012 e a valoración das ofertas realizada polo servizo de intervención en data 12/03/2012.

Considerando o disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso Administrativa (LJCA), e no artigo 163 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais en canto a execución das sentenzas.

Considerando o disposto nos artigos 2, 49, 50, 51 y 52 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 14.3 do Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda de data 13/03/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que con motivo do contencioso interposto polo empresario da casa da cultura hai unha sentenza que obriga a pagar 740.000 euros máis intereses; que por parte da alcaldía sempre se tratou de dar cumprimento á sentenza cunha operación de crédito a medio prazo, e aprobouse un calendario de pagos consensuado co empresario, que finalmente non o asinou; e que o Concello de Vimianzo está cumprindo os acordos que se marca. Explica que se presentaron dúas ofertas, do "BBVA" máis de "La Caixa", que se analizaron en dúas comisións informativas, sendo a máis favorable para o Concello á de "La Caixa".

O Sr. Rodríguez Blanco sinala que van votar a favor pero que é un tema de envergadura e fíxose todo de forma apresurada en dúas comisións de cinco minutos, que non tenen moita información, e que debería facerse nunha xunta de portavoces con máis información, debaténdose o asunto, etc..., xa que pode pasar que o ano que ven o interese variable sexa o dobre.

O Sr. Soto Pérez di que van votar a favor e que estan de acordo co sinalado polo Sr. Rodríguez Blanco, xa que é todo moi precipitado e se o Euribor sube vaise encarecer bastante a operación, polo que ten bastantes dúbidas.

A Sra. Borbujo Martínez dí que este é o final dun proceso de dous anos que califica de esperpéntico, que é unha barbaridade ter que pagar pola casa de cultura outro millón de euros máis, que o seu grupo ven criticando as actuacións dos distintos grupos políticos, e que non van participar en incrementar a débeda do Concello porque o asunto levouse mal dende o principio, e o crédito non é a opción máis adecuada. Matiza que non van votar en contra para acatar a orde xudicial, pero que non van participar na votación.

O Sr. Mancebo Amigo agradece aos directores do "BBVA" e "La Caixa" as ofertas presentadas e vota en falta que Caixa Galicia non presentase oferta cando o Concello traballaba con ela. Di ao Sr. Rodríguez que non se pode queixar agora xa que foi coparticipe nun goberno que tivo catro anos para solucionar a situación, e despilfarraron 300.000 euros en obras non presupuestadas en campaña electoral. Neste sentido, sinala que o seu goberno fixo moito máis en poucos meses, pechando o exercicio 2011 en positivo, aprobando os orzamentos de 2012 coa operación de crédito, e o plan de saneamento económico, o que vai a facilitar a xestión ordinaria do Concello.



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A
Coincide coa Sra. Borbujo en que non é normal que unha obra de 1,2 millóns de euros vai costar o final con tódolos gastos máis de 3 millóns de euros.

O Sr. Rodríguez Blanco dí que non o fixeron tan mal en tantos anos cando en sete meses van a sanealo todo; que sacar unha farola un día e poñela ao día seguinte non é aforro senon despilfarro, e que non sabe a qué obras en campaña se refire o Sr. Mancebo.

O Sr. Soto Pérez dí a Sra. Borbujo que a instancia do Sr. Alcalde convocáronse diversas comisións informativas para propoñer solucións, polo que agora non se pode decir demagóxicamente que esta solución non lle gusta cando non se propoñe ninguna e hai unha sentenza xudicial que hai que cumprir. En canto á adxudicación da operación insiste en que non é unha crítica, pero que non tivo tempo de analizar as ofertas.

A Sra. Borbujo Martínez dí ao Sr. Soto que a política está feita para solucionar problemas e a retórica pode deixala na casa, xa que a palabras necias oídos sordos.

O Sr. Alcalde dí que tiveron oportunidade de recabar máis información e preguntar nas comisións informativas, e non se fixo, polo que non acepta esa crítica. En canto aos intereses dí que non se poden incluír no préstamo. O Sr. Alcalde dí que non entende porqué se ocultou ao Pleno a reclamación económica do contratista e por qué non se pediu á dirección de obra unha avaliación das obras feitas de máis, que tivo que pedirla agora este alcalde e avaliáronse en 180.000 euros e non en 740.000 euros. Considera que os cartos iban mellor a outras cousas, e que agora pódese pagar a débeda polos esforzos realizados por este goberno en seis meses, pechando o exercicio 2011 en positivo, aprobando os orzamentos de 2012 coa operación de crédito, tramitando un crédito ICO que se denegou porque o contratista non presentou a factura. O Sr. Alcalde dí que é un día histórico e que espera resolver este asunto e que veña a normalidade política a este Concello. En canto as ofertas presentadas polas entidades financeiras sinala que os intereses son altos pero correspondense coa situación de crise actual e non temos outras opcións, e vaise intentar que as comisións bancarias se compensen con actuacións sociais.

O Pleno da Corporación, por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos BNG, RSOE e aos membros presentes do grupo Independientes por Vimianzo, e dúas abtencións dos membros presentes do grupo PP, ACORDA:

PRIMERO.- Adxudicar a entidade financeira "Caixabank, S.A" a operación de crédito a longo prazo prevista no orzamento vixente por importe de 739.484,80 euros para financiar o pago da débeda da casa de cultura recoñecida por sentenza xudicial firme, de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

- Tipo de xuro variable (diferencial sobre Euribor a 12 meses sen redondeo): 4% con revisión anual
- TAE: calcularase ó día da sinatura do contrato
- Prazo de amortización: 12 anos
- Interese de demora: 20,50%
- Comisión de apertura: 0,50%
- Comisión de amortización anticipada e/ou cancelación: 1,50%
- Periodicidade das liquidacións: trimestrais
- Intervención notarial.

SEGUNDO.- Requerir á entidade adxudicataria para a formalización do contrato ante Notario a partir do día 14/03/2012, sendo os gastos notariais ao seu cargo de acordo coa cláusula quinta do prego de condicións.



Concello de Vimianzo

C

O

P

I

A

P

Ú

B

L

I


C

A

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados e comunicalo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e cincuenta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o trece de marzo de dous mil doce.

O ALCALDE



O SECRETARIO

